

Estudo da estación paleolítica das Gándaras de Budiño (Pontevedra)¹

Orixinal en galego: "Estudo da estación Paleolítica das Gándaras de Budiño (Pontevedra)". Grial nº 9, Xullo-Agosto-Setembro, 1953-54, pp. 374-375.

Xosé María Álvarez Blázquez

Unha recente publicación do P. Emiliano Aguirre sobre a estación paleolítica das Gándaras de Budiño (Concello de Porriño, Pontevedra), ven poñer ao día o coñecemento das culturas máis anergas de Galicia, que, deica o de agora, presentaban un cadro escuro e en grande parte conxectural. Por primeira vez estúdanse ante nós uns xacementos paleolíticos *in situ*, abondosa mostra de material e a través dun rigor científico merecente de toda gabanza.

O P. Aguirre lembra ao comezo do seu traballo a xénese destes importantísimos descubrimentos, que el culminou co traballo de campo e o estudo maxistral que agora lle dedica:

"En 1961, no curso dun estudo morfolóxico da rexión H. Nonn (Estrasburgo), acompañado de A. Fernández del Riego (Instituto Oceanográfico, Vigo), achou uns utensilios paleolíticos nos montes de desfeitos duns cortes para explotación de arxilas e caolíns nas Gándaras de Budiño (concello do Porriño, provincia de Pontevedra),

(1) AGUIRRE, E. *Las Gándaras de Budiño, Porriño (Pontevedra)*. Excavaciones financiadas por la "Wenner-Gren Foundation for Anthropological Research". Memoria... Inspección General de Excavaciones Arqueológicas, publicación 31. Madrid, Langa y Cía., 1964. 4.º, 28 páx., XII láms., 10 planos e estados plegados.

no val do río Louro. Ambos puxeron algúns dos obxectos recollidos a disposición do Delegado de Excavacións Arqueolóxicas de Vigo (X.M. Álvarez Blázquez), quen visitou o lugar repetidamente no inverno 1961-1962, e rebuscou algunhas moreas de terras movidas, recollen-do máis de douscentos artefactos. A primeiros de setembro de 1962 levounos ao lugar dos achádegos, xunto con Desmond Collings (Cambridge). Nesta visita recollemos máis de vinte artefactos removidos do seu estrato, e un certamente in situ. A localidade parecía ofrecer posibilidades para unha explotación arqueolóxica ao parecer sinxela que á vez era urxente, por acharse o estrato arqueolóxico baixo a superficie actual e xacendo sobre unha formación rica en arxilas e caolins, que son obxecto dunha explotación activa”.

Grazas á importante axuda económica da Wernner-Gren Foundation Anthropological Research (á que o P. Aguirre puxo en antecedentes) púidose levar a cabo a tarefa de escavacións e demais traballos no terreo, durante o verán de 1963. Foi un mes (21 de xullo, 20 de agosto) de fortísimos calores na chaira calcinada das Gándaras, que o P. Aguirre superou ca súa propia calor de investigador, tan destacado hoxe no campo da Paleontoloxía. No tempo en que se desenvolveron os traballos visitaron a localidade Karl W. Butzer, do Departamento de Xeografía da Universidade de Wisconsin (Madison), e Pierre Biberson, do Museo Nacional de Historia Natural de París. O primeiro colaborou no estudo xeolóxico da zona dos traballos e o segundo prestou orientacións e consellos de grande utilidade. O froito, certamente, correspondeulles con folgora a aquelas suores e desvelos (nos que participaron varios estudantes cheos de entusiasmo), pois foron desenterrados un total de 807 pezas (sen contar con aquelas centos delas que nós tiñamos recollido de primeiras), se ben unha escolma detida fará desbotar, por carentes de intencionalidade, algunhas delas. A meirande parte foron topadas *in situ*, e moitas constituíndo obradoiros, rexistrándose incluso a presenza de “iunques” e percutores. Por primeira vez en Galicia acúsase a presenza de ferramentas (sirva a palabra) talladas en cuarzo, material pobre abundante nas Gándaras; o resto está traballado sobre seixos procedentes das terrazas do Miño. Abondan estes datos para valorar a importancia da estación de Budiño, deica o de agora única no seu tipo dentro da nosa terra.

O estudo que vimos comentando aválase con planos das catas, desenhos, cortes do terreo, cotas do profundidade, estratigrafía, cadros com-

parativos e un pormenorizado inventario provisional, amais de abondosas e boas fotografías. O autor fai recensión previa dos descubrimentos e estudos feitos anteriormente sobre as culturas paleolíticas e mesolíticas en Galicia e norte de Portugal, tratando de aclarar os seus problemas e de coordinar os datos (no aspecto cronolóxico e tipolóxico) co resto da Península e África. Detense na análise da cultura camposanquiense (cuxo termo acepta para certos tipos de útiles ou tipos), e tamén esboza os referentes ao Asturiense, tan debatido e confuso. Fai logo un detido “Bosquejo tipolóxico” dos instrumentos asoellados en Budiño, para tornar de novo aos problemas do Paleolítico en Galicia, que os novos achados veñen desvelar en boa parte.

Non é deste lugar seguir paso a paso o estudo do P. Aguirre, que poderá ser discutido nalgún detalle pero non no seu logrado conxunto. Velaquí as conclusións, que han ser consideradas de hoxe en diante, coma básicas para futuros estudos do Paleolítico galego-portugués:

1. Budiño é un lugar de ocupación con obradoiros e fogares, moi próximos ou inmediatos, pero separados por un ribazo na topografía de entón.
2. Dos dous “coluvios” cortados, o inferior é o único que certamente leva industria non movida. Aínda que hai varias ocupacións sucesivas lixeiramente discontinuas, a unidade cronolóxica de case a totalidade dos tipos industriais presentes é certa.
3. Este nivel xace sobre una terraza de 23 m. é está datado como Würm I local (fase temperada) por K. W. Butzer.
4. Os achádegos comprenden unha rica tipoloxía, moi variada, dende tipos moi primitivos e técnicas Clacton, que dominan, asociados a formas “achelenses” medias e tardías de machados de man, ata lascas e puntas preparadas e tipos claramente de aire “musteriense” ou proto-asturiense. Sinálanse varias formas peculiares.
5. Esta cultura é contemporánea de achelenses evolucionados; presenta coincidencias con Chukutien (nivel do homo (*Sinanthropus pekinensis*)). Son claras as súas relacións de orixe coas culturas “clactonienses” e dos homes de Rabat e Casablanca, e seu parentesco co Asturiense, Toledo, Puente Mocho e todo o Paleolítico portugués, cuxa revisión semella facerse necesaria. É evidente ase-

made o parentesco de Budiño con Camposancos, polo que tamén queda suxerida a necesidade de ulteriores estudos na rexión galega na procura de achádegos ben datables e non removidos que ilustren sobre a evolución deste grupo cultural claramente definido.

6. Non se achou ningún fósil nestes terreos moi lavados, moi humíferos e de rochas ácidas.

7. A determinación meticulosa das técnicas e tipoloxía das industrias de cuarcita españolas entre o interglaciar de Pinedo (Holstein ou Swanscombe) e o interestadial 1/2 de Budiño (última glaciación, isto é, ao longo dos dous últimos interglaciares e as dúas últimas glaciacións) é urxente, e pode ser o punto de partida e o modelo con que precise a clasificación de moitos complexos que hoxe amoréanse cos “achelenses decadentes” ou “musteriense”.

O panorama da nosa Prehistoria ábrese agora en perspectivas moito máis definidas que deica ben poucos anos atrás. Permítasenos a inmodestia de declarar o noso gozo pola mínima parte que nos cadrou no descubrimento traballado da estación de Budiño e, sobre todo, pola inmerecida confianza que o P. Emiliano Aguirre quixo dispensarnos como colaborador na clasificación dos útiles descubertos.

E, fóra xa do marco imposto pola recensión bibliográfica, unha derradeira noticia, que aledará a cantos, fóra e dentro da nosa terra, se interesan polos estudos prehistóricos: a de que, por iniciativa tamén do P. Aguirre, o Concello do Porriño ten a intención de montar nas Gándaras de Budiño un pequeno Museo, acoutando un recanto do “taller” onde se mostrarán os útiles *in situ*. Será este o segundo Museo do seu tipo en España (o primeiro é o de Torralba (Soria), á beira da estrada do Portugal irmán, onde tanto se ten traballando polo coñecemento da nosa Prehistoria común.